



CIRCULAR INFORMATIVA 07/2022

1. FORMACIÓN: CANAL “AVOGACÍA COMPOSTELÁ” EN YOUTUBE

Informámosvos de que **o Colexio creou o canal en YouTube denominado “Avogacía Compostelá”**, dende o que se poderán visualizar os cursos e xornadas de formación que se imparten en liña. A partir de agora este tipo de formacións serán gravadas e publicadas no canal co fin de facilitar a súa reprodución en calquera momento.

O acceso a este canal pode facerse dende a nosa web, a partir das seguintes ligazóns:

- Dende a Oficina Virtual: <https://www.icasantiago.org/oficina-virtual/>
- Dende as iconas das redes sociais (que figuran na parte superior dereita da web): <https://www.icasantiago.org>

Tamén se poderá acceder dende a propia páxina de YouTube buscando o nome “Avogacía Compostelá”.

É recomendable subscribirse ao canal para recibir os avisos sobre as publicacións que se vaian sucedendo.

2. PROGRAMA DE XESTIÓN QWOLAW DE VLEX: GRATUÍTO PARA COLEXIADOS/AS

A Xunta de Goberno, na sesión do día 05.05.2022, **aprobou a sinatura do convenio de colaboración coa editorial vLex** para ofrecer de maneira gratuíta aos nosos colexiados e colexiadas exercentes residentes **o programa de xestión de despachos Qwolaw**.

No prazo de 10 días o dito programa estará xa operativo e comunicarásevos para que o poidades descargar dende a páxina web do Colexio.

Este programa de xestión de despachos é actualmente o software máis completo e avanzado do mercado e ofrece unha solución integral para a xestión de clientes, contactos, expedientes, documentos, axenda, correo electrónico, facturación, datos contables e informes.

Servizos e funcionalidades:

- | | |
|--|---|
| — 1 licenza de uso por colexiado/a | — 1 facturador avanzado por licenza |
| — Almacenamento ilimitado | — Seguridade conforme ao RXPd |
| — Módulo de expedientes | — Automatización (documentos automatizados a partir dun modelo personalizado que se autocompleta coa información de clientes e expedientes. |
| — Contactos e axenda | — Edición de documentos (100 % en liña, accesibles e editables dende calquera lugar) |
| — Actuacións e informes | |
| — Calculadora de prazos procesuais | |
| — Correo integrado | |
| — Aloxamento en servidores de Amazon Services Europa | |